



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Decembro 2016

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Decembro 2016

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou un 1,4% en decembro de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,5 puntos máis que en España (0,9%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un descenso nas vendas do 1,3% mentres que no Resto de produtos aumentan o 4,3%.
- Once comunidades autónomas incrementan as súas vendas en decembro respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia é a sexta comunidade con maior incremento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,9% no mes de decembro de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,6 puntos máis que en España (2,3%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,8% en Galicia, o mesmo que no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de decembro.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 1,4% no mes de decembro, 3,4 puntos menos que no mes de novembro. A nivel nacional o índice rexistra un crecemento do 0,9%, inferior en 3,0 puntos á taxa do mes anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 2,1% respecto a decembro de 2015, 3,0 puntos menos que no mes anterior. Desagregando por produtos:


- A Alimentación diminúe as súas vendas o 1,3% e resta cinco décimas a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 1,6%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 4,3% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional aumenta o 1,2%.

No conxunto do ano 2016, as vendas do comercio minorista a prezos constantes incrementáronse un 3,7%, o mesmo que en España.

O índice xeral sen estacións de servizo creceu un 3,4% no ano 2016 en Galicia, tres décimas menos que en España (3,7%). Mentres que a Alimentación diminuíu en Galicia un 1,0% no conxunto do ano, en España aumentou un 1,3%. O Resto de produtos creceu en Galicia un 6,4% fronte ao incremento do 5,2% a nivel nacional.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Once comunidades autónomas aumentan as súas vendas en decembro. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,2%) e Canarias (2,7%). Os maiores descensos danse en Extremadura (-1,0%) e Navarra (-0,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro 2016

Taxas de variación en %



No conxunto do ano, todas as comunidades autónomas incrementas as súas vendas. Illes Balears (7.2%), Canarias (6,0%) e Comunitat Valenciana (5,7%) rexistran os maiores crecements, mentres que Extremadura (1,8%) e Andalucía (2,3%) amosan os rexistros máis baixos.

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de decembro de 2016, un incremento do 2,9% en Galicia e do 2,3% a nivel nacional.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 2,7% en Galicia, 0,8 puntos máis que en España (1,9%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación diminúe as vendas o 0,3% mentres que en España aumentan o 2,4%. O Resto de produtos incrementa máis as súas vendas en Galicia (4,7%) que en España (1,5%).

Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2016

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	Media ano 2016
Xeral	121,1	2,9	2,2
Xeral sen estacións de servizo	120,8	2,7	2,7
Alimentación	125,1	-0,3	0,5
Resto	117,6	4,7	4,2

■ Interanual -0,2 0,2
■ No que vai de ano

No ano 2016, o índice de comercio polo miúdo incrementouse un 2,2% en Galicia e un 2,1% en España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 2,7% en Galicia, 0,2 puntos menos que en España (2,9%). As vendas na Alimentación incrementáronse un 0,5% en Galicia e un 2,6% en España. O Resto de produtos creceu no ano 2016 máis en Galicia (4,2%) que en España (3,0%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,0%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,8% no mes de decembro de 2016 en Galicia, o mesmo que no conxunto de España.

No conxunto do ano, o índice xeral incrementouse un 1,3% en Galicia e un 1,7% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en decembro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (5,0%) e Canarias (4,2%). En senso contrario, Castilla-La Mancha (0,5%) rexistra o menor crecemento.

No conxunto do ano, Illes Balears presenta o maior crecemento (4,4%), mentres que onde menos crece a ocupación é en Extremadura (0,8%) e Castilla – La Mancha (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Decembro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = \left({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t} \right) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2011, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia						
Xeral	121,1	2,9	2,2	111,1	1,4	3,7
Xeral sen estacións de servizo	120,8	2,7	2,7	110,5	2,1	3,4
Alimentación	125,1	-0,3	0,5	111,1	-1,3	-1,0
Resto	117,6	4,7	4,2	109,3	4,3	6,4
España						
Xeral	116,3	2,3	2,1	107,1	0,9	3,7
Xeral sen estacións de servizo	118,4	1,9	2,9	108,5	1,5	3,7
Alimentación	126,7	2,4	2,6	112,7	1,6	1,3
Resto	112,8	1,5	3,0	104,9	1,2	5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia						
Xeral	98,1	2,0	2,1	92,0	0,9	3,6
Xeral sen estacións de servizo	96,4	1,7	2,5	90,4	1,4	3,2
Alimentación	101,5	-2,1	0,2	90,7	-2,7	-1,2
Resto	93,2	4,3	4,2	90,4	4,4	6,4
España						
Xeral	98,1	3,9	2,0	91,9	2,9	3,6
Xeral sen estacións de servizo	98,5	3,8	2,8	92,1	3,5	3,6
Alimentación	107,8	4,1	2,4	95,8	3,2	1,1
Resto	92,5	3,8	3,1	89,1	3,8	5,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
ESPAÑA	116,3	2,3	2,1	107,1	0,9	3,7
Andalucía	110,1	1,3	0,8	101,4	-0,1	2,3
Aragón	113,0	1,4	1,5	104,1	-0,3	2,9
Asturias	107,8	1,2	2,2	99,2	-0,3	3,7
Balears, Illes	120,1	4,6	5,3	110,0	3,2	7,2
Canarias	135,0	3,5	4,2	129,4	2,7	6,0
Cantabria	115,3	1,3	1,7	104,8	-0,3	3,0
Castilla y León	114,7	2,5	1,4	105,1	1,2	3,3
Castilla-La Mancha	107,1	3,3	1,2	98,6	1,6	3,0
Cataluña	119,0	2,5	1,5	107,6	0,7	2,7
Comunitat Valenciana	115,6	2,3	3,6	106,9	1,3	5,7
Extremadura	115,4	0,2	0,2	106,9	-1,0	1,8
GALICIA	121,1	2,9	2,2	111,1	1,4	3,7
Madrid	118,0	2,6	2,8	110,0	1,5	4,6
Murcia, Región de	106,4	3,2	2,3	97,6	1,6	3,8
Navarra	116,9	1,2	2,1	108,1	-0,5	3,3
País Vasco	117,6	1,8	1,5	107,9	0,5	2,7
Rioja, La	120,1	1,7	2,0	108,9	0,3	3,8
Ceuta	110,4	-0,7	2,3	104,2	-2,0	3,2
Melilla	111,4	1,6	2,7	106,2	0,2	4,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia			
Xeral	100,5	1,8	1,3
Xeral sen estacións de servizo	100,4	1,7	1,1
España			
Xeral	100,4	1,8	1,7
Xeral sen estacións de servizo	100,6	1,8	1,7

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
ESPAÑA	100,4	1,8	1,7
Andalucía	95,8	1,6	1,2
Aragón	99,1	2,1	1,8
Asturias	95,0	1,7	1,1
Balears, Illes	106,7	5,0	4,4
Canarias	109,5	4,2	2,2
Cantabria	102,7	1,8	1,9
Castilla y León	100,7	1,7	1,2
Castilla-La Mancha	100,3	0,5	0,9
Cataluña	103,0	1,1	1,7
Comunitat Valenciana	102,9	2,1	2,8
Extremadura	102,8	1,2	0,8
GALICIA	100,5	1,8	1,3
Madrid	97,7	1,8	1,5
Murcia	96,6	1,5	1,0
Navarra	98,6	1,4	1,5
País Vasco	101,8	1,9	2,0
Rioja, La	102,3	1,3	1,4
Ceuta	103,2	0,0	0,9
Melilla	103,2	0,5	1,0

Fonte: INE